

Un pouquiño de información:

Todo o temos pensado para que os participantes das actividades do Camping Fieitás garden un recordo inesquecible. O feito de pasar con nos un tempo implica que o participante ten todo incluído (aloxamento, comida, monitores, actividades...)

Os cartos

Os cartos moitas veces son un tema delicado, polo cal:

- Non recomendamos traer cartos ás instalacións.
- Camping Os Fieitás non se fará responsable dos mesmos.

Con respecto aos teléfonos móbiles:

Desaconsellamos que nunha actividade dunha sola xornada os participantes leven móbiles. Camping Os Fieitás en ningún momento será responsable dos mesmos.

- O uso dos teléfonos móbiles estará permitido unicamente ao tempo libre de despois de comer. Nunca nas actividades.
- O Camping Fieitás, non se fará responsable dos gastos derivados do uso/abuso do móbil, nin os posibles estragos físicos.

Para outro tipo de comunicacións, pais/docentes poderán establecer contacto con nós a través das seguintes canles:

- TELÉFONOS: 986 73 80 72 e o telefono do mestre.
- Mail: camping@fieitas.com (o mail levará no asunto o nome identificativo do grupo contratante)
- Facebook: www.facebook.com/campingosfieitas

Pregamos saiban discriminar a importancia das chamadas para non colapsar os números.

Ausencias

Non habrá visitas aos participantes durante a actividade. Pero se por algunha **razón de causa maior** ten que habelas, por favor, pónhase en contacto co director do campamento por correo electrónico ou teléfono, con antelación. Esa ausencia temporal ou definitiva implicará cubrir documentación. En ningún momento unha ausencia da actividade implica un reembolso económico.

ACTIVIDADES A MAIORES: As actividades a maiores que se poidan realizar máis aló do programa base levaranse a cabo en función do grupo, do tempo e tendo sempre en conta a preferencia os grupos que veñan ás instalacións contratando a pernocta.

Menciñas e consellos sanitarios:

Por favor: NON traian medicacións xenéricas (paracetamol, ibuprofeno, aspirina...) pois xa contamos con elas. Soamente traer as medicacións específicas para o participante.

Segundo a lei vixente,un menor non pode ter baixo a súa custodia ningún tipo de menciña. A Dirección do Camping Fieitás a encargarse da custodia e administración das menciñas. Na recepción do grupo recolleremos as menciñas en bolsas (mellor de tipo "zip") e con instrucións claras para a administración (nome, medicación, doseificación...).

Acompañaranse dun informe médico que explique as tomas, doses e horarios e unha autorización asinada polos pais/titores para que o equipo do Camping Fieitás poda administrar as menciñas. **EN CASO CONTRARIO NON SE ADMINISTRARÁN.**

A ter en conta:

- Revisar a Cartilla de Vacinamento para ter todas as vacinas ao día antes do comezo da actividade.
- Os medicamentos levarán escrito o nome do participante. Na bolsa de medicamentos deben ir instrucións claras para a súa administración.

É imprescindible que a Dirección de actividades dispoña de:
Tarxeta ORIXINAL da Seguridade Social ou seguro privado (e cheques do seguro médico) xa que de ter que ir ao médico sen tarxeta a Seguridade Social pasaralle a factura aos pais do menor. É preciso que os pais enchan e asinen a Autorización (adxunta á FICHA DO PARTICIPANTE) para a administración de menciñas (ibuprofeno, paracetamol, etc.). Non se administrarán nunca medicamentos sen prescripción facultativa.

Non se permitirá ningunha menciña en posesión dos menores. Todas as menciñas estarán gardadas nun lugar axeitado. Estas menciñas irán acompañadas da prescripción facultativa ou copia de receita médica a nome do participante.